
A AMIGA DE OSIÑO

Texto de **ELSE HOLMELUND MINARIK**

Ilustracións de **MAURICE SENDAK**

Tradución de **SANDRA** e **ÓSCAR SENRA GÓMEZ**

Encadernado en cartón. 15 x 23 cm. 64 páx. 12 €.

A amiga de Osiño (galego)

ISBN 978-84-8464-945-8. Tras os montes.

La amiga de Osiño (castelán)

ISBN 978-84-8464-944-1. Libros para soñar.

L'amiga del petit Ós (catalán)

ISBN 978-84-8464-931-1. Llibres per a somniar.

Hartz Txikiren laguna (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-898-5. Kalandraka-Pamiela.

Os amigos de Urso Pequeno (portugués)

ISBN 978-989-749-051-4. Livros para sonhar.

...Cando chegou ao chan, encontrou unha nena pequena.

–Creo que me perdín. Pudeches ver o río desde alá arriba?

–preguntoulle a nena


–Puiden, si. Vives alí? –dixo Osiño...

A finais dos anos 50 do século pasado, Else Holmelund Minarik e Maurice Sendak comezaron a publicar os títulos dunha serie que, case seis décadas despois, segue conservando o encanto e a tenrura dos contos de antano, reforzados polo estilo dos antigos gravados, aderezados con suaves pátinas de cor.

“A amiga de Osiño” conta a ilusión que experimenta este entrañable personaxe humanizado ao coñecer a Emilia, coa quen comparte paseos, charlas e festas xunto con outros habitantes do bosque, ata o momento de tristeza no que teñen que separarse ao final do verán.

O valor da amizade, descubrir gustos comúns, establecer unha complicidade mutua e axudarse ante as dificultades son parte das vivencias que recolle esta obra, cun estilo sinxelo e lúdico.

Así, os novos amigos prometen reencontrarse ao verán seguinte, mentres os autores do libro fannos partícipes do gran momento no que Osiño é quen de comezar a trazar as súas primeiras letras, estreando un agasallo moi especial.



■ **Temática:** a amizade.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** do autor e ilustrador da triloxía “Onde viven os monstros”, “Na cociña de noite” e “Máis alá da fiestra”, entre outros; outros títulos da serie: “Osiño”, “Un bico para Osiño”, “Papá Oso volve á casa”, “A visita de Osiño”; clasicismo estético.

Else Holmelund Minarik

(Dinamarca, 1920 - Estados Unidos, 2012)

Emigrou aos Estados Unidos coa súa familia cando tiña catro anos. Estudou Psicoloxía e Arte na Universidade de Nova York. Traballou como xornalista e profesora. Autora da serie “Osiño” e doutros libros de Literatura Infantil e Xuvenil.

Maurice Sendak

(Brooklyn, Nueva York, 1928 - Connecticut, 2012)

Dende 1951 realizou máis de 90 libros infantís, unha prestixiosa traxectoria pola que recibiu en 1970 o Premio Andersen e o Premio Laura Ingalls Wilder en 1983. En 1996 o Goberno dos Estados Unidos entregoulle a Medalla Nacional das Artes e en 2003 concedéronlle o Premio Internacional Astrid Lindgren de Literatura Infantil, xunto coa autora austríaca Christine Nöstlinger. Estudou Pintura e Debuxo na Art Students League de Nova York. Conseguiu o seu primeiro emprego como ilustrador para All America Comics e en 1951 comezou a traballar como ilustrador para a editorial Harper and Brothers. Impulsou unha auténtica revolución no panorama literario infantil polas ideas, a forma e o contido dos seus libros.



www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
